

1º ESO

EXERCICIOS RESOLTOS-7ª SEMANA DO 5 AO 8 DE MAIO

1ª SESIÓN:

Esperamos fixerades con moita atención a tarefa da primeira sesión semanal e que os vossos exercicios estean revisados e corrixidos.

2ª SESIÓN

Encantáronnos as vosas receitas e aínda estamos esperando máis!!!

3ª SESIÓN:

1. Completa con b ou v.

O ciclón pousara a casa con moita **suavidade** –para ser un ciclón– no medio dunha paisaxe de **marabillosa beleza**. **Había** encantadores lameiros **verdes** por todas partes con maxestosas **árbores** acuguladas de ricas e **saborosas** froitas. **Había** tamén macizos de **exuberantes** flores e paxaros de plumaxe rara e **brillante** que **rechouchiaban** e **batían** as ás entre **árbores** e **sebes**. Un pouco máis alá, un pequeno regato resplandecente e faiscante entre dúas **verdes beiras** **murmuraba** cunha **voz** moi **agradábel** para alguén que, como ela, **vivira** tanto tempo nas secas e grises praderías.

2. Explica por que estes vocábulos se escriben con b ou con v.

Coubó: un dos tipos de verbo que se escriben con b, xunto con deber, beber, haber, saber...

Comestíbel: terminación -bel

División: despois da sílaba inicial di- gráfase –v

Subxectivo: prefixo sub-; terminación -ivo

Retiveron: forma do verbo ter

Branco: grupo consonántico (antes de consoante r: grupo br)

Adverbio: despois de d; antes dunha consoante

Negativo: terminación -ivo

Observar: prefixo ob-; verbo acabado en -servar

Retribuíu: verbo terminado en -buír